

I RESIDENCIA FICBUEU

BASES DE PARTICIPACIÓN 2023

Organizada pola Asociación FICBUEU, a Residencia FICBUEU é un programa formativo para creadoras e creadores audiovisuais no que diferentes profesionais acompañarán e titorizarán proxectos de curtametraxe.

Localizado na Illa de Ons (Pontevedra), o proxecto está enfocado a fortalecer propostas dende o guión e, na súa primeira edición, estará titorizado por Isabel Peña.

DATAS E DURACIÓN

I Residencia FICBUEU: 9-15 outubro 2023.

OBJECTO

A Residencia FICBUEU ten como principal obxectivo xerar un espazo de traballo dedicado ao tratamento integral de proxectos de curtametraxe na súa etapa de desenvolvemento, tendo como principal finalidade o fortalecemento do seu carácter autoral.

É de salientar que outro dos aspectos fundamentais da residencia e principal motivo na escolla dos lugares é a súa estreita relación con entornos naturais. Espazos rurais que queremos poñer en valor e que son óptimos para o desenvolvemento do traballo artístico e de creación.

Contribuír ao desenvolvemento de proxectos audiovisuais, ofrecendo a catro cineastas un espazo óptimo no que traballar nos seus guións de curtametraxe, cun acompañamento e tutela constantes, será o fundamento da Residencia FICBUEU. Ademais, as directoras e os directores participantes poderán desfrutar tamén de formacións específicas impartidas por profesionais do sector.



FESTIVAL INTERNACIONAL
DE CINEMA DE BUEU

Cunha estrutura que combina titorías individuais con outras grupais, e formacións específicas, concédese á Residencia FICBUEU unha maior multidisciplinabilidade, fortalecendo a figura das e dos cineastas-guionistas, que acostuman estar presentes e a tomar decisións ao longo de todo o proceso de produción dunha película.

Ademais, ao rematar a Residencia FICBUEU, a titora e o equipo de dirección do FICBUEU seleccionarán un dos proxectos para a súa produción e acompañamento até a súa exhibición.

PARTICIPACIÓN, REQUISITOS E CONDICIÓNS TÉCNICAS

- Poderán inscribirse na Residencia FICBUEU todas as persoas maiores de 18 anos que residan en territorio nacional e que teñan un proxecto de curtametraxe cunha primeira versión de guión escrita.
- Poderanse presentar obras de calquera xénero, cunha duración total máxima de 30 minutos. Cada participante poderá presentar tantas obras como desexe. As persoas participantes deberán posuír comprensión oral e escrita da lingua castelá.
- Os proxectos cuxa lingua orixinal non sexa o castelán deberán achegar unha copia nesa lingua para facilitar a avaliación da obra por parte do equipo de coordinación e tutela.
- As obras deberán enviarse antes do 15/06/2023.
- O material enviado terá consideración de privado e só será accesible pola organización e polas persoas que participen no proceso de selección.



I RESIDENCIA FICBUEU

BASES DE PARTICIPACIÓN 2023



FESTIVAL INTERNACIONAL
DE CINEMA DE BUEU

- O material enviado debe corresponderse co exposto nas presentes bases, axustándose á documentación solicitada, así como ás extensións mencionadas.
- Todas as propostas participantes deberán contar coas autorizacións e cesión de dereitos de autoría e de outros titulares de obras preexistentes e orixinais que se incorporen nelas. Neste sentido, as e os participantes garanten que os guións non vulneran ningún dereito de explotación, dereitos de honra, intimidade e imaxe, dereitos de propiedade intelectual e/ou industrial e/ou calquera outro dereito de terceiros ou a lexislación vixente.
- No caso de que as curtametraxes sexan filmados e finalizados, deberán incluír nos seus créditos o logotipo do FICBUEU, así como comunicar a súa estada na residencia co seguinte texto: *Curtametraxe seleccionada na I RESIDENCIA FICBUEU.*
- A organización resérvase o dereito de rexeitar proxectos que non cumpran con algún dos requisitos mencionados, que non presenten correctamente a documentación ou que incurran en aspectos contrarios aos valores da Asociación FICBUEU.
- Dossier do proxecto no que figuren: sinopse (máximo 1.500 caracteres), tratamento (máximo 3 páxinas), intencións e outras consideracións sobre o proxecto (máximo 3 páxinas).
- Currículum e descrición da traxectoria profesional da autora ou autor (máximo 2 páxinas).
- Guión da curtametraxe: será necesario para que o proxecto sexa valorable como mínimo una primeira versión do guión. (máximo 30 páxinas)
- Cesión de coautoría no caso de ser un proxecto con varias autoras e autores.
- Documento de compromiso de asistencia firmado.

O envío desta documentación supón a aceptación da totalidade das bases.

PROCESO DE SELECCIÓN

Os prazos de presentación, selección e anuncio das curtametraxes seleccionadas son os seguintes:

1. Apertura de convocatoria e recepción de traballos ata o 15 de xuño de 2023.
2. Selección de proxectos do 15 de xuño ao 15 de xullo. A selección levarase a cabo entre persoas pertencentes á organización da residencia e a titora da mesma.
3. O anuncio da selección das obras participantes na I Residencia FICBUEU 2023 será comunicado antes do 15 de agosto de 2023.

DOCUMENTACIÓN

Para inscribir un proxecto deberá enviarse a seguinte documentación ao correo electrónico mariafalco@ficbueu.com:

- Ficha de inscrición cuberta na que figuren: Título, Xénero, Duración, Idioma, Nome e apelidos, Lugar de procedencia, Ano de nacemento, Xénero, Teléfono de contacto, Correo electrónico.



I RESIDENCIA FICBUEU

BASES DE PARTICIPACIÓN 2023

4. Comunicación oficial dos proxectos seleccionados: o 11 de setembro de 2023, durante a celebración da 16ª edición del FICBUEU farase una presentación da I Residencia FICBUEU, para a que se poderá esixir ás seleccionadas e aos seleccionados o envío de materiais promocionais, e/ou a súa asistencia ao acto.

CRITERIOS DE VALORACIÓN

A selección dos proxectos realizarase en base á documentación entregada, baixo criterios obxectivos e subxectivos, en relación coa calidade das propostas.

- Coherencia artística da proposta: atendendo aos principios da Asociación FICBUEU valoraranse positivamente aquelas propostas que amosen unha visión artística propia e unha concepción nova.
- Viabilidade do proxecto: teranse en conta de cara á valoración dos guións a súa viabilidade, así como os valores de produción do mesmo.
- Biografía e CV: valoraranse positivamente ter desenvolvido proxectos previos, así como a selección dos mesmos en festivais e/ou premios.
- O 50% das prazas de participación estará reservado a mulleres co fin de salvar a fenda de xénero.
- Valoraranse positivamente os traballos que representen realidades cun marcado carácter social, que promovan os valores da igualdade, que emporeden e visibilicen as mulleres e/ou as nenas, que impulsen a diversidade cultural e etnográfica, e que fomenten a representatividade de linguas, comunidades, territorios, persoas e temas diversos e inclusivos.



FESTIVAL INTERNACIONAL
DE CINEMA DE BUEU

OBRIGAS DAS SELECCIONADAS E DOS SELECCIONADOS

- A Asociación FICBUEU poderá utilizar fotografías das persoas participantes e imaxes das súas películas, tanto en prensa e outros medios de comunicación como en diferentes materiais gráficos da asociación. Do mesmo modo, autorizarase e cederase o dereito á publicación e uso de imaxes recollidas durante o desenvolvemento da residencia.
- Todas as propostas participantes deberán contar coas autorizacións e cesión de dereitos de autoría así como a doutras obras preexistentes e orixinais que se incorporen nestas. Neste sentido, as e os participantes garanten que os guións non vulneran ningún dereito de explotación, dereitos de honra, intimidade e imaxe, dereitos de propiedade intelectual e/ou industrial e/ou calquera outro dereito de terceiros ou a lexislación vixente.
- As persoas seleccionadas deberán asistir a todas as actividades propostas polo programa entre o 9 e o 15 de outubro, así como colaborar en todas as comunicacións previas e posteriores ao desenvolvemento da residencia. Ademais, as persoas que participen no programa deberán estar dispoñibles para realizar entrevistas e/ou declaracións sobre o programa, xa sexan realizadas pola propia organización ou por medios de comunicación interesados.



I RESIDENCIA FICBUEU

BASES DE PARTICIPACIÓN 2023



FESTIVAL INTERNACIONAL
DE CINEMA DE BUEU

RECURSOS

- O programa cubre os gastos de estancia e manutención durante os 7 días de duración da Residencia FICBUEU.
- Desprazamentos en barco desde Bueu ata a Illa de Ons.
- Programa de asesoramento: durante toda a semana, a guionista Isabel Peña, titorizará os proxectos de curtametraxe. Para iso, as persoas beneficiarias reuniranse de forma presencial en titorías individuais e grupais.
- Formacións específicas impartidas por profesionais e centradas nas diferentes fases da creación dun proxecto cinematográfico.
- Atención continuada por parte do equipo de coordinación do programa.
- Acreditación para participar en todas as actividades da décimosexta edición do FICBUEU.

É importante ter en conta que, no caso dun proxecto con varias autoras ou varios autores, deberán seleccionar un representante para participar na Residencia FICBUEU. As outras coautoras ou outros coautores deberán ceder os dereitos mediante unha declaración xurada para o relativo ao programa que nos ocupa. Todos os beneficios e obrigas están referidos ás catro persoas físicas seleccionadas para participar de maneira presencial na Residencia FICBUEU.

PREMIO

Un dos catro proxectos participantes será seleccionado polo equipo de dirección do FICBUEU xunto coa titora da residencia para levar a cabo a súa produción. Con tal fin, a asociación establecerá un acordo cunha produtora cinematográfica que lidere a produción e distribución da obra.

ACEPTACIÓN DAS BASES

A participación nesta convocatoria implica a aceptación das normas contidas nas presentes bases, así como a decisión do xurado, que será inapelable. A Asociación FICBUEU resolverá ao seu xuízo inapelable calquera eventualidade non especificada nestas bases.

As presentes bases estarán dispoñibles en galego e castelán. Para calquera dúbida ou información: +34 653 46 77 30 (en horario de 9:30 a 17:00) ou a través do email mariarfalco@ficbueu.com.

MODIFICACIÓN DAS BASES

A Asociación FICBUEU resérvase o dereito de suspender, aprazar ou cancelar total ou parcialmente a Residencia, por causas de forza maior ou debidamente xustificadas, sen que dita suspensión, aprazamento ou cancelación implique responsabilidade algunha para a Asociación, comunicándoo tan axiña como sexa posible aos solicitantes e/ou persoas beneficiarias.

Do mesmo xeito, a Asociación FICBUEU resérvase o dereito de modificar estas Bases, na súa totalidade ou en parte, por causas de forza maior ou cando sexa estritamente necesario para o bo fin da Residencia por causas debidamente motivadas. En caso de modificación das presentes bases, a Asociación informará desta circunstancia nos mesmos medios nos que se difundiron ou publicaron estas bases.

PROTECCIÓN DE DATOS

De acordo co establecido no Regulamento 2016/679 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía



I RESIDENCIA FICBUEU

BASES DE PARTICIPACIÓN 2023

dos dereitos dixitais, infórmase á persoa que presenta que os datos facilitados co motivo da inscrición da curtametraxe no FESTIVAL e calquera outro que no futuro se achegue en conexión coa participación desa curtametraxe no FESTIVAL serán tratados por ASOCIACIÓN FICBUEU, con CIF G94146362, a partir de agora, Responsable de tratamento.

Finalidades e lexitimación: A finalidade do tratamento dos seus datos é xestionar e publicitar a participación da curtametraxe no FESTIVAL, para o cal vostede outórganos autorización para o tratamento dos seus datos cos fins descritos, por ser necesarios para manter a relación que temos con vostede. A entrega da información requirida sobre datos persoais terá o carácter de obrigatoria e a súa falta de subministración ou a subministración de datos incorrectos imposibilitará que se poida xestionar a participación da curtametraxe no FESTIVAL. Calquera modificación que poida producirse nos datos de carácter persoal facilitados deberá ser posta en coñecemento do responsable do tratamento por parte do titular destes, que responderá en todo caso da veracidade e exactitude dos datos subministrados en cada momento. Prazo: Os seus datos serán tratados o tempo estritamente necesario para o cumprimento da finalidade ou finalidades concretas que motivaron a súa recollida, ata a perda de relevancia do seu uso ou, en todo caso, ata que sexan cancelados en resposta ao exercicio por parte do seu titular dos dereitos correspondentes. Destinatarios: Os seus datos non serán cedidos a terceiros, salvo obriga legal. Dereitos: Se desexa exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación, oposición, limitación e/ou portabilidade ou se desexa máis información respecto ao tratamento dos seus datos, diríxase por escrito, achegando unha copia dun documento acreditativo da súa identidade á dirección: C/ Montero Ríos 191 Baixo, 36930 - Bueu (Pontevedra) ou mediante correo electrónico a mariafalco@ficbueu.com



FESTIVAL INTERNACIONAL
DE CINEMA DE BUEU

